

PREMIOS

*Cátedra MN de
emprendemento tecnolóxico*



Diseño: Área de Imaxes, Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Recoñecemento dos TFG, TFM e proxectos LPRO realizados por alumnado de áreas tecnolóxicas da Universidade de Vigo:

- 3 premios de Traballo Fin de Grao
- 3 premios de Traballo Fin de Mestrado
- 1 premio para o mellor proxecto LPRO

Universidade de Vigo

Cátedra MN en
Emprendemento Tecnolóxico

mn atlanTTic
research center

Nacen os Premios da Cátedra MN para distinguir o espírito emprendedor do alumnado das ramas de enxeñaría

Por

Redacción

-

junio 3, 2020

As propostas poderán presentarse ata o vindeiro 24 de xullo

Froito da colaboración entre a Universidade de Vigo e a empresa tecnolóxica MN Program e ao abeiro da Cátedra MN en Emprendemento Tecnolóxico, que dirixe a catedrática Carmen García Mateo, nacen os **[Premios da Cátedra MN](#), dirixidos ao alumnado universitario das ramas de enxeñaría.**

Os galardóns, que terán **tres categorías** para os mellores Traballos Fin de Grao, Fin de Mestrado e Proxectos da materia Laboratorio de Proxectos (LPRO) do Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación da UVigo, nacen co obxectivo de distinguir o espírito emprendedor, ao tempo que se impulsa a innovación tecnolóxica e se recoñece a valía do alumnado. **En total, nesta primeira edición dos galardóns, concederanse sete premios, por un importe de 3.000 euros.**

A convocatoria, á que poden concorrer estudantes de grao e mestrado e da materia LPRO, **estará aberta ata o 24 de xullo**. A calidade, orixinalidade e innovación do traballo, achega persoal do alumnado e grao de adecuación do proxecto ás áreas de interese da Cátedra MN, serán os principais aspectos que se valorarán das propostas recibidas, nas que **tamén se terá en conta aspectos como o grao de utilidade e aplicabilidade, ou a viabilidade do proxecto.**

Unha cátedra para impulsar a colaboración na actividade docente e investigadora en áreas TIC

Financiada con 30.000 euros, a Cátedra MN en Emprendemento Tecnolóxico púxose en marcha en novembro de 2019 e ten como liñas de actuación estratéxicas a colaboración na docencia e na investigación, especialmente no ámbito TIC; a creación dun programa de captación de talento que teña por finalidade a formación de excelencia de alumnado da Universidade de Vigo; o impulso de actividades que permitan crear espazos de debate e difusión da actividade docente e investigadora do ámbito da innovación tecnolóxica no ámbito TIC, e a promoción de actuacións que estimulen a capacitación, especialización e actualización de competencias de membros da comunidade universitaria e profesionais alleos á mesma atendendo ás necesidades competitivas da empresa.

Tendo en conta estas liñas de actuación, **as áreas tecnolóxicas de especial interese son: a automatización robótica de procesos, a identificación biométrica, a enxeñaría lingüística e interfaces de voz, técnicas avanzadas de intelixencia artificial e a xestión avanzada e masiva de datos / (Big Data).**